

CONVOCATORIA BOLSEIROS 2024/2025 – DOG 20/06/2024

Orde da convocatoria na web: <http://credovigo.es> e na sede electrónica da Xunta de Galicia.

As solicitudes **presentaranse obrigatoriamente na sede electrónica** da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal> (**Código procedemento: ED308A**)

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

PRAZO ORDINARIO: do 21 de xuño ata o 07 de agosto de 2024

PRAZO EXTRAORDINARIO: do 02 ao 06 de setembro de 2024

DOCUMENTACIÓN:

- Anexo I (solicitud normalizada)
- Anexo II (comprobación de datos)
- Xustificante de inscrición ou matrícula en ensinanzas universitarias no curso 2024/25.
- Documento acreditativo nota acceso aos estudos, no caso do alumnado matriculado por 1ª vez en estudos de grado no curso 2024/25.
- Certificado oficial das notas obtidas no curso escolar 2023/24, no caso do alumnado xa matriculado en ensinanzas universitaria; se non cursou estudos no curso 2023/24, o das notas do último curso que realízase.
- Copia do libro de familia onde figuren todos os membros computables. Se non ten libro de familia ou se este non reflicte a situación familiar, poderá acreditar o número de membros da familia utilizando, entre outros, algún dos seguintes medios:
 - Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador
 - Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia
- Certificado de convivencia da persoa solicitante e os demais membros computables da familia no mesmo domicilio
- Certificado do grao de discapacidade de calquera membro da familia recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.
- Cando a persoa solicitante alegue que vive de forma independente respecto da súa unidade familiar deberá acreditar: a dispoñibilidade da vivenda (en propiedade, en alugamento...); que vive de forma efectiva nela (recibos de luz, auga...); e que dispón de medios económicos suficientes para facer fronte aos seus gastos
- Calquera outro documento que consideren convinte

Calendario

Prazo ordinario	Do 21 de xuño ao 7 de agosto (incluídos)
	Publicación listaxe provisional: o 22 de agosto do 2024
	Período de reclamación: 5 días hábiles contados a partir do día seguinte a súa publicación
	Publicación listaxe definitivo: o 30 de agosto do 2024
Prazo extraordinario	Do 02 ao 06 de setembro (incluídos)
	Publicación listaxe provisional: o 13 de setembro do 2024
	Período de reclamación: ata o 20 de setembro do 2024 (incluído)
	Listaxe definitivo: o 27 de setembro do 2024